

**ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 27 DE SETEMBRO
DE 2018**

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día **vinteseite (27) de Setembro do ano dous mil dezaoitto (2018)**, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana
D^a. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)
D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)
D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Benito Saavedra Vazquez
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)
D^a. M^a del Carmen Folla González (PP)
D^a. Natalia Iglesias Mendez
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP).

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

Administración Electrónica [nº 1646/2018](#).

ORDE DO DIA

1. Actas sesión/s anterior/es (30 de Xullo, aprazada do 26).

2. TOMA DE POSESION DA CONCELLEIRA DO BNG ANA ROSADO CORNADO MOLINA.

Se procede a toma de posesión da nova concelleira, logo de recibir a credencial da Xunta Electoral Central, tomando promesa ou xuramento que lle formula o Sr. Secretario coa DECLARACIÓN seguinte:

Sra. **ANA ROSADO CORNADO MOLINA**, ¿"xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro de Silleda, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"?

Si, *PROMETO*.

Despois deste trámite, se declara a toma de posesión da concelleira **ANA ROSADO CORNADO MOLINA**, a quen o Sr. Alcalde da a benvida en nome de toda a Corporación.

3. RECOÑECEMENTO DA EXISTENCIA DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO-CALEXON SITO ENTRE A PROPIEDAD DE ELVIRA FRAGA PEREZ E A VIVENDA DE PABLO RODRIGUEZ FABERO EN TOIRIZ (Referencia Catastral 36052K504060030000EW, Polígono 504, Parcela 603, Prado da Fonte. Toiriz. Silleda)

VISTO o expediente instruído a instancias de **ELVIRA FRAGA PEREZ**, DNI nº 76808781-M, no que na súa condición de propietaria, en condición de ganancial co marido, dunha finca con vivenda en rehabilitación, de 207,92 m², sita no nº 33 do lugar de Toiriz-Silleda (Referencia Catastral 36052K504060030000EW, Polígono 504, Parcela 603, Prado da Fonte. Toiriz. Silleda), a cal linda con outra propiedade de **PABLO RODRIGUEZ FABERO** polo Norte, separadas por un tramo de camiño público/calexón, no que propón o recoñecemento expreso desa titularidade e existencia de camiño público, entre ambas fincas, por parte municipal.

VISTO o Informe que acompaña do Perito Gerardo Abeledo Iglesias, así coma o do Arquitecto Municipal, Lino M. Doporto Framil, con fotografías incorporadas, que acreditan a existencia do mesmo,

Por unanimidade, se acorda:

- **RECOÑECER** a titularidade e existencia de un tramo de camiño público/calexón entre as propiedades de **ELVIRA FRAGA PEREZ**, DNI nº 76808781-M e a de **PABLO RODRIGUEZ FABERO**, polo Norte, en parcela sita no nº 33 do lugar de Toiriz-Silleda (Referencia Catastral 36052K504060030000EW, Polígono 504, Parcela 603, Prado da Fonte. Toiriz. Silleda).

4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, coa introdución do artigo Cuarto.bis.1:

“Bonificación do 50% da parte da cuota íntegra do imposto relativa a construcións rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento de emprego-, nos casos en que a instalación/construción estea dada de alta na Dirección Xeral do Catastro como una unidade única, sen separación do uso residencial (vivenda) do agropecuario (granxa)”.

Voceiro do PP: cuestiona que se aprobe este punto, cando non hai informe de Intervención e advirte das responsabilidades legais.

Alcalde: rexeita a intervención do voceiro do PP, lembrando que se está a efectuar noutros concellos da comarca e que é unha solución axeitada para as granxas que teñen vivenda adosada, que, de non corrixiarse con este acordo, acabarían perdendo a bonificación do 95 % e aprobada neste Pleno, o cal sería claramente inxusto.

Interventor: indica que non fixo o Informe.

Secretario: sinala a plena legalidade desta proposta, xa que a modificación consiste en aplicar a bonificación do 50 % nos casos en que a instalación/construción estea dada de alta na Dirección Xeral do Catastro como una unidade única, sen separación do uso residencial (vivenda) do agropecuario (granxa).

Se trata, non de un caso “*ex novo*”, dunha modificación da Ordenanza que altere substancialmente a xa aprobada no seu día - bonificación do 95% da parte da cuota íntegra do imposto relativa a construcións rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal-, senón dunha cuestión meramente colateral, que non incide no fondo do asunto, en tanto se modifica, e tan só para 40 suxeitos pasivos do imposto, sobre un total de 7.900, a cuota a pagar, cunha bonificación do 50 % en lugar do 95, derivada do feito de que as construcións de uso agropecuario e residencial se atopan adosadas, conformando unha unidade física, que a Dirección Xeral do Catastro considera que non pode subdividirse, como lle foi plantexado polo Concello.

Alcalde: aínda que está clara a súa legalidade polo exposto por Secretaría, propónse deixar en suspenso para que informe o Interventor.

Por unanimidade, se acorda: pospoñer este punto para un vindeiro Pleno.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

5. DEPURACION DE SALDOS DE EJERCICIOS PECHADOS.

Constan no Expediente Administración Electrónica nº 1646/2018.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

6. FIXACION DAS FESTAS LOCAIS PARA 2019.

Previa explicación do Alcalde sobre as razóns do cambio das datas dos últimos anos,,
se acorda:

A proposta da Alcaldía se fixan os días festivos locais para o ano 2019, do xeito que segue:

- **12 de Xullo** (Con motivo da Festa do Lacón, venres)
- **26 de Agosto** (Con motivo da Festa da Empanada de Bandeira, luns posterior).

VOTACION: se aproba por unanimidade.

7. MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

7.1. Moción para a dotación de máis medios o PAC (Punto de Atención Continúa) de Silleda

Exposición de motivos

Despois do acontecido no PAC da Estrada o pasado mes de agosto, o BNG de Silleda considera de urxente unha reclamación para que non se produzan situacións semellantes na nosa vila. O PAC de Silleda atende a dous concellos, Vila de Cruces e Silleda, sendo un total de 14058 habitantes. A área de atención esténdese dende Portodemouros até a Serra do Candán, cunha distancia de case 60 minutos entre estes dous puntos.

Se ben, o número de facultativos vén determinando polo ratio de habitantes, non se ten en conta as características demográficas de ambos concellos:

Do total de habitantes do concello de Silleda, o 26,9% ten unha idade igual ou superior aos 64 anos mentres que o de Vila de Cruces, a cifra é superior, chegando a ser na actualidade dun 33%. É dicir, unha de cada 3 persoas. Este grupo de idade é moito máis susceptíbel pola súas condicións físicas de usar os servizos do PAC.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte acordo:

1º Instar ao goberno da Xunta de Galicia, e en especial, á consellería de Sanidade e o seu responsábel, o señor Vázquez Almuíña, a dotación de máis medios, tanto de equipamentos como de persoal, no PAC de Silleda.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS 2 MESES ANTERIORES.

Dáse conta.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Os rogos e preguntas se remiten ao novo sistema de gravación de Gestiona/Admnón Electrónica, que, a súa vez, efectuará una transcripción.

Voceira BNG: Parking de Pazos: aproveita para felicitar a instalación do novo aparacamento e lembra que o 16 Setembro do 36 foi asasinado en Pazos o Alcalde de Cuntis e oito mais, sendo enterrado en Pazos, polo que prega que se instale unha placa ou un panel conmemorativo para que se recorde este crime.

E todo caso, en tanto se produce esta adaptación, se recolle un extracto.

Voceiro PP. Preguntas:

- As Actas da XGL non se están cargando en Gestiona.
- As intervencións do Pleno gravadas que se transcriban.
- Sobre a demora na construción da zanja da Rede de Calor na entrada ao Colexio, cun atraso considerable. Igualmente sinala as deficiencias no C. de Fútbol.
- Sobre arrego dunha pista en Chapa, en Dornelas, cerca do Albergue.
- E en Siador a que vai os depósitos.

Voceira BNG Preguntas:

- Sobre a Zona Metropolitana de Santiago. ¿Que foi da proposta do BNG?
- Que se faga un recoñecemento a Teófilo del Valle, en aplicación da Lei de Memoria Histórica.
- Sobre a pintura das Marquesinas.
- Sobre as raíces de árbores que levantan beirarrúas...
- Sobre as velutinas. O 012 non está funcionando como debería... Reclama que se busquen solucións.
- Sobre os vestiarios do C. Fútbol de Bandeira que se adapte as mulleres.
- Sobre a separación Iglesia-Estado, demanda que no ano 2018 non é admisible que o Alcalde presida as procesións en representación institucional, que se aplique a separación das dúas institucións...

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 11-30 horas do 27 de Setembro de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. Expediente Administración Electrónica nº **1646/2018**.

SECRETARIO.
Manuel Quintans Queiruga.